


Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta extraordinaria de
Facultade
16 de marzo de 2016**



ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade

Por orde do Decano convócoa/o a unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se vai celebrar o vindeiro día 16 de marzo, mércores, ás 11:00h en convocatoria única, no Salón de Actos da FFT, co seguinte punto único

ORDE DO DÍA:

Aprobación, se proceder, da *Planificación Docente Anual* (PDA) do Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Vigo, 14 de marzo de 2016



A Secretaria

M^a del Carmen Cabeza Pereiro

Nota: No día da xunta de centro, suspéndese a actividade docente das 11h ás 13h

A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT

Asistentes:

Equipo decanal

AlonsoBacigalupe, Luis
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Anaya Revuelta, Inmaculada
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Rodríguez Barcia, Susana

Sector (A) Profesorado

AngueiraViturro, Anxo
Arias Freixedo, XoséBieito
Báez Montero, Inmaculada C.
Becerra Suárez, M^a Carmen
Bermúdez Montes, M^a Teresa
BuenoAlonso, Jorge Luís
Candelas Colodrón, Manuel A.
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, M^a. José
Costas González, Xosé Henrique
Cruces Colado, Susana
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Díaz Fouces, Óscar
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Salgado, Xosé A.
Galanes Santos, Iolanda
García-Miguel Gallego, José M^a.
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Sellés, Carmen
MiquelVergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Küpper, Silvia
Montero Reguera, José Francisco
Noia Campos, M^a Camino
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Quilis Sanz, M^a José
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ribao Pereira, Montserrat
Rifón Sánchez, Antonio
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
RuzickaKenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Sánchez Trigo, M^a Elena

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 16 de marzo de 2016 no Salón de Actos da Facultade

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 11:16h

ORDE DO DÍA

Aprobación, se proceder, da *Planificación Docente Anual (PDA) do Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios*

O decano inicia a sesión recordando que a PDA do Grao en Ciencias da Linguaxe foi rexeitada na sesión anterior da Xunta de Facultade, e por ese motivo pediu novas propostas para debater nesta reunión. Tamén pedira aos departamentos información sobre a dispoñibilidade do profesorado para impartir as diferentes materias. As diferentes propostas foron remitidas con anterioridade á sesión co obxecto de que os membros da xunta as pudesen coñecer. Tamén hai que decidir a adscrición ás áreas.

Pasa a describir o contido das propostas presentadas.

Resume que hai tres propostas: a dos alumnos e alumnas, con sete módulos, a dun alumno particular, tamén de sete, e a do equipo decanal, que era a orixinal pactada coa vicerreitoría.

Abre unha quenda de intervencións

Manuel Vilaboa intervén para aclarar que a proposta é de sete porque son os que agora teñen demanda por parte do alumnado, pero sen que iso supoña descartar os outros módulos para o futuro.

O decano di que non pode garantir que no futuro se vaian implantar máis.

O profesor Costas informa de que o seu departamento acordou sumarse á proposta do alumnado, pero a proposta varía se se aproban seis ou sete módulos. Non teñen folgura para impartir os nove módulos.

O profesor Ledo avanza que, con independencia do que saia, algúns profesores e profesoras non terán inconveniente en ofrecer como optativas materias doutros módulos a maiores, posto que teñen folgura.

O decano aclara que os departamentos fixeron as contas e chegaron á conclusión de que non podían dar todo. O profesorado de Historia pode completar a oferta no módulo de Estudos lusófonos.

A profesora Becerra aclara que na táboa que se inclúe ao final da proposta do departamento de Filoloxía Galega hai un erro, posto

Seoane Pose, Elena C.
Solla González, Amparo
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Valado Fernández, Liliana
Veiga Díaz, M^a Teresa

Sector (B) Profesorado

Ferreiro Vázquez, Óscar
Hernández Arias, Rocío
Yáñez Bouza, Nuria

Sector (C) Alumnado

Álvarez Suárez, Vera
Arca Castro, Manuel
Barbosa Losada, Víctor
Carrillo Rodríguez, Lara
Diz Ferreira, Jorge
Fernández Berciano, Enya
Fernández Casanova, Alicia
Fernández Mato, Sofía
García Castro, Laura
García Fonte, Nuria
García Fuentes, Iván
Gómez Martínez, Alejandro
González López, Sixto
Gregores Méndez, Javier
Lago Lorenzo, Melisa
Ledo Hermida, Iria
López Abelenda, Álvaro
López Pais, Cristina
Marcet Rodríguez, Helena Electra
Matos García, Roi
Pereira Romasanta, Raquel
Powell Ríos, Jennifer
Quevedo Pacín, Pablo
Rial Lago, Julián
Rocha Táboas, Celia
Souto Villanustre, Ana
Torres Sotelo, Laura
Vilaboa Cebreiro, Manuel

Sector (D) PAS

Fernández Piñeiro, M^a Olga
López Cotón, Rosa
Pérez Pereira, Alberto

Desculpas e ausencias xustificadas

Agustín Guijarro, Javier de
Alonso Alonso, Rosa
Álvarez Lugris, Alberto
Baltrusch, Burghard
Baxter, Robert Neal
Bringas López, Ana
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Fernández Ocampo, Anxo

que na columna de Literatura española se computa tamén a docencia da área de Teoría da Literatura.

O profesor Costas aclara que hai outro erro, posto que á área de Lingüística xeral se lle asignan 40 créditos, cando ten 30.

David Gonçalves aclara que o feito de que presente a súa proposta non é porque non estea dacordo co resto do alumnado, senón para asegurar as materias máis escollidas por eles/elas, en caso de que non se aprobe a proposta conxunta do alumnado. Se hai apoio para esta, está disposto a retirar a súa.

O profesor Candelas observa que hai grandes converxencias, e que se podería chegar a un acordo en torno a sete módulos.

Suxire que a facultade non oferte para o curso próximo as materias do programa ODIE, que se propuxeron o ano pasado porque había folguras. Di que conviría pensar na estrutura dos grupos prácticos en primeiro. Aínda tendo en conta a especificidade do grupo non presenciais, tres grupos prácticos parece excesivo para o número de matriculados/as. Pide que se aprobe por asentimento unha proposta de sete módulos.

O profesor Domínguez di que debера deixarse a criterio dos departamentos se se ofertan ou non materias ODIE.

O decano agradece a proposta do profesor Candelas porque sempre son mellores os consensos. Xustifica que mantén a proposta inicial de seis módulos e dúas materias optativas porque é a única que tiña garantías posto que foi negociada coa vicerreitoría. Expressa as súas dúbidas de que a proposta que saia da Xunta de Facultade sexa aprobada. Retira a proposta do equipo decanal en favor do consenso en torno os sete módulos. A profesora Sánchez pide que se aclare se son sete porque a este número se comprometeron os departamentos e engade que así non pode haber problema.

A proposta de sete módulos apróbase por asentimento nos termos en que foi presentada polo alumnado.

O decano pasa a presentar un resumo sobre as propostas de adscrición de materias a áreas (anexo 1).

O profesor Cuevas pregunta se se vai aprobar a adscrición para 3^o e 4^o ano. O decano di que preferiría que fose así, se conseguimos chegar a un acordo.

O profesor García-Miguel di que non hai nada que discutir no que atinxe ás materias de 3^o curso. No que toca a 4^o ano está de acordo no que atinxe á dispoñibilidade para dar un conxunto de materias, en todo salvo en quen dá a materia de 9 créditos.

Suxire adiar o acordo sobre 4^o curso posto que a situación pode variar de hoxe en un ano.

O profesor Cuevas di que Tecnoloxías do ensino non debера supoñer problema.

O adiamento afecta á adscrición das materias do módulo de Ensino de linguas.

Toma a palabra de novo o profesor García-Miguel, insistindo en que os docentes teñen folguras para impartir algunha materia do

Fernández Pena, Yolanda
Fernández Rodríguez, Aurea
Freijeiro Ocampo, Eva
García González, Marta
González Álvarez, M^a Dolores
Iglesias van der Woude, Miguel
Leyte Coello, Arturo
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Martín Lucas, Belén
Martínez Ínsua, Ana Elina
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Parada Diéguez, Arturo
Pérez Guerra, Javier
Pérez Paz, M^a Flor
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Ramallo Fernández, Fernando
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Gallardo, Ángel
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Sueiro Justel, Joaquín
Varela Bravo, Eduardo J.
Yuste Frías, José

Ausencias sen xustificar

Andrés Iglesias, Jesús
Álvarez Gurdiel, Sara
Fernández Cruz, Manuel
García Albo, Marina
Garrido Rodrigues, Carlos
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González Maestro, Jesús
Luna Alonso, Ana
Navaza Blanco, Gonzalo
Peres Rodrigues, José Henrique
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Santos García, Mercedes
Urdiales Shaw, Martín
Vázquez García, M^a Celia

módulo de Tecnoloxías de linguaxe se se atopa algunha fórmula para ofertalas.

O profesor Cuevas mantén unha oferta semellante, que permitiría impartir o módulo completo.

Carlos Fraga pregunta se hai dispoñibilidade para o módulo de Estudos culturais. O decano responde que non se desprende dos datos recibidos que se poida.

O profesor Candelas insiste na distribución de grupos teóricos e prácticos de 1º curso. Suxire eliminar un grupo práctico en 1º e outro en 2º en favor das materias de 3º curso.

O decano dubida de que unha medida así fose garantir que se nos permita impartir máis módulos ou optativas.

O profesor Montero di que no seu departamento fixeron as contas, e chegaron a que poden ofrecer ata 200 horas dun itinerario máis, prescindindo do programa ODIE, pero o que imos decidir sobre a lista de optativas de 4º do GECE pode modificar as previsións.

O profesor Rodríguez Guerra di que a división de grupos teóricos e prácticos vén da titulación anterior. Engade que algunhas materias non precisan división de horas teóricas e prácticas pero lles damos a todas o mesmo tratamento.

A profesora Suárez Briones insiste en que é complicado afirmar que os dous grupos prácticos de 1º non sexan necesarios.

Helena Marcet di que sendo un grupo pequeno a veces teñen grupo práctico de poucas persoas e poderían ter a clase para todo o grupo.

Apróbase por asentimento a PDA de 3º curso do Grao de Ciencias da Linguaxe coa adscrición de materias que figura no anexo 1. Adíase o acordo con respecto ao 4º curso.

Aprobación, se proceder, da modificación da *Planificación Docente Anual (PDA) do Grao en Estudos de Galego e Español*

Na Xunta de Facultade anterior foi aprobado un listado de seis materias, que non fora consensuado co alumnado que vai facer 4º curso. O número de 6 foi o que a vicerreitoría permitía. Os departamentos pactaron unha proposta de materias entre as cales constaban algunhas que xa cursaran.

O decano pediu aos estudantes unha prelación de materias, que lle foi remitida. A vicerreitoría subiu a oferta a un total de 9, das cales 2 tiñan que estar no listado das que xa se imparten.

A proposta que presenta o decano consta das seguintes 9, que son as que teñen profesorado que as poden impartir:

Edición de textos literarios
Literatura latina
Lingua de signos española
Linguas da Península Ibérica

Dialectoloxía do galego
Literatura e cine
Historia do libro
Lingüística, Comunicación e Cognición
Español e galego como segundas linguas

José Antonio Marciel comunica que non puderon falar con todos os profesores antes de entregar o escrito. O director do departamento de Literatura española tamén lles deu o apoio para As escritoras da historia literaria (no número 4 na lista que elaboraran, anexo 2).

O profesor Candelas aclara que el apoia pero é o departamento e a Xunta de Facultade quen decide.

A profesora Anaya pide desculpas porque non puido ver o email no que se lle consultaba se podía dar Comunicación nos medios (no número 7 na referida lista do anexo 2), que si podería impartir, e súmase as palabras de Candelas.

O profesor Montero aclara que as materias non teñen nomes e apelidos. No seu departamento hai profesorado preparado para impartir esas materias que lles corresponderían, pero a decisión de a quen corresponden será tomada polo departamento unha vez se saiba cantas e cales hai que ofrecer.

A profesora Becerra aclara que lles dixo aos alumnos/as que estaba disposta a impartir Literatura e cine (no número 8) porque entendía que se lle consultaba se estaba disposta a dala por riba da súa capacidade docente.

O decano explica que non se pedía que se desen a maiores da carga docente.

O profesor Cuevas intervén para mostrar a dispoñibilidade do seu departamento para impartir algunhas das materias optativas sobre as que se está a debater.

Lucía Aguiar di que hai materias do grao que coinciden coas do GCLEL.

Para reducir o número de horas, poden sumarse a esas, e pregunta se se podería empregar ese criterio para ampliar o número de materias optativas.

Nuria Vila di que debe prevalecer o criterio de que ess materias optativas estaban no plan de estudos. Sinte que non se lles está tendo en conta.

O decano aclara que non todo o que figura no plan de estudos ten que activarse. Os recortes son habituais e aplícanse a todos os graos.

Sara Martínez di que están pedindo 12 materias. Di que por parte do profesorado 3 materias máis non supón nada.

O decano responde que el non ten capacidade para repartir nada. Temos que buscar unha solución intermedia.

Sara Martínez insiste nos seus argumentos.

O profesor Candelas suxire que algunhas materias poderían aparecer como "sen docencia", de tal xeito que o alumnado podería acudir ás clases dunha materia semellante no grao en Ciencias da Linguaxe. Pregunta cantos alumnos/as serían.

O profesor Rifón suxire unha fórmula semellante: indicar que se ofrece unha materia con 0 horas, que están en realidade no GCLEL. O profesor/a asinaría dúas actas, pero só unha materia contaría con docencia.

Gonzalo González súmase á proposta do profesor Rifón.

O decano di que pode haber unha dificultade de organización de horarios, e que non é doado para todas as materias atopar outras con contidos semellantes que coincidan coas demandas do estudiantado.

Lucía Fernández propón 9 + 3 sen docencia.

O profesor Montero suxire aprobar 7 + 5 sen docencia.

O profesor Ledo pide aclaración sobre se a fórmula é través dunha convalidación. Respondéselle que non.

A vicedecana de Organización académica aclara que o esforzo non está só en organizar, senón en aceptar por parte de alumnado e profesorado ir a clase en quendas horarias pouco atractivas. Prodúcese un intercambio de pareceres sobre o tema dos horarios entre o profesor Candelas e a vicedecana de Organización académica.

Uxío Couto pregunta se se está a ter en conta que ao ser un grao en extinción que o alumnado paga un incremento de matrícula cando fai a segunda matrícula, e se iso pode redundar en beneficio deste problema.

O decano contesta que nós non temos competencias nas decisións económicas da universidade.

A profesora Becerra abunda na proposta de que 5 materias figuren sen docencia.

O decano ofrece buscar se é posible atopar 5 materias nesas condicións.

O profesor Rifón suxire enviar unha proposta de 9 e abrir a posibilidade, para impartir 3 máis, de dar esa fórmula de facelas.

O profesor Montero suxire completar a lista con aquelas das que sabemos que poden ser coincidentes coas do Grao en Ciencias da Linguaxe.

Abrase un debate sobre como sería posible escoller materias do GCLEL que fosen coincidentes para serviren como optativas para o GEGE.

Nuria García pide aclaracións sobre como se entende o da docencia con 0 horas. Intervenñen varios profesores, entre eles Becerra, Ledo e Cuevas para aclarar esta cuestión.

O profesor Costas insiste na opción de 7 + 5.

A proposta dos alumnos é que se impartan as 9 primeiras do anexo 2, entre as que se atopan as dúas que imparten Becerra e Ledo, e ademais outras 3.

Á proposta de Montero, cae Historia do libro a favor de Seminario de literatura hispánica.

Costas interésase pola equidade con respecto á literatura galega e se lle responde que as de literatura galega xa foron cursadas polo alumnado.

O profesor García-Miguel ofrece que a Lingüística, Comunicación e Cognición pase ao mesmo lote das materias que ofrecen Becerra e Ledo.

A proposta artículase da seguinte maneira:

Edición de textos literarios

Lingua de signos española

As escritoras da historia literaria

Linguas da península Ibérica

Dialectoloxía do galego

Comunicación nos medios

Seminario de literatura hispánica

A maiores, e co compromiso por parte dos docentes de impartilas mesmo por riba da súa carga docente, engádense:

Literatura latina

Literatura e cine

Lingüística, Comunicación e Cognición

Ademais, acórdase que outras dúas materias, coincidentes en contidos con outras materias do GCL, sexan ofertadas a este alumnado de tal xeito que non supoñan un grupo distinto do que existe no GCL. Isto require que figuren na PDA do GECE con 0 horas. Estas son:

Crítica literaria

Español e galego como segundas linguas

Acórdase por asentimento o listado de optativas. O decano advirte que esta proposta non ten garantías de ser aprobada.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:34h.

Vigo, 16 de marzo de 2016

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe




M.ª del Carmen Cabeza Pereiro

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do Regulamento Interno da FFT, 67 dos Estatutos da Universidade de Vigo e 26.3 e 27 da Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 7 de abril de 2016.

A Secretaria da Facultade



Mª del Carmen Cabeza Pereiro

Anexo 1

**Resumo das propostas de adscrición
de materias a áreas**

Anexo 2

**Proposta do alumnado de materias
optativas para 4º do GECE**

O alumnado de terceiro do Grao en Estudos de Galego Español dirixímonos ó II. Sr. Decano e ás autoridades académicas competentes, para manifestarles os seguintes extremos:

Parécenos excesiva e intollerable a redución do número de materias optativas a tan só seis. Recordamos que a oferta global é de vinte, co que, de feito, esta redución fai que as materias pasen de ser optativas a converterse en obrigatorias.

Dáse, ademais, a circunstancia de que varias destas materias xa se están cursando no presente ano académico, o que no obriga a elixir materias de outros itinerarios totalmente á marxe dos nosos intereses.

Solicitamos, por tanto, que se amplie a optatividade a doce materias como mínimo, e que estas sexan as que corresponden cos intereses do propio alumnado. Con tal propósito, incluímos un listado das materias opcionais ordenado de maior a menor segundo as nosas preferencias (manifestadas en votación):

1. Edición de textos literarios
2. Literatura latina
3. Lingua de signos española
4. As escritoras da historia literaria
5. Linguas da Península Ibérica
6. Dialectoloxía do galego
7. Comunicación nos medios
8. Literatura e cine
9. Historia do libro
10. Lingüística, comunicación e cognición
11. Seminario de literatura hispánica
12. Español e galego como segundas linguas
13. español coloquial e as súas variedades
14. Obradoiro de produción de textos literarios
15. Lexicografía do galego e do español
16. Crítica literaria
17. Textos canónicos da literatura galega
18. Edición de textos
19. Prácticas de gramática contrastiva
20. Comunicación científico-técnica

15
266

Para facilitar o alivio da carga docente, suxerimos ademais que se poidan valdar, como materias optativas do noso grao, as materias do Grao en ciencias da linguaxe e estudos literarios que correspondan (Poñemos como exemplo o que ocorre coas materias de portugués, as cales son compartidas polo Grao de Linguas estranxeiras e o grao en Ciencias da Linguaxe e estudos Literarios).

A este respecto propoñemos as seguintes equivalencias (todas elas consultadas con profesorado de distintos departamentos):

Grao en Estudos de galego e Español	Grao en ciencias da linguaxe e Estudos Literarios
Crítica literaria	Literatura: Crítica literaria (1º curso)
Lingüística, comunicación e cognición	Introdución a lingüística aplicada (1º curso)
Español e galego como segundas linguas	Introdución a ensinanza de español e galego como segundas linguas (3º curso, módulo de Ensino de Linguas)
Obradoiro de produción de textos literarios	Prácticas textuais: Narración (3º curso, módulo de escrita creativa)
O español coloquial e as súas variedades	Variedades do español (3º curso, módulo de lingua española)
Lexicografía do español e do galego	Ou ben Lexicografía do español (3º curso, módulo de lingua española) ou ben lexicografía e fraseoloxía da lingua galega (3º curso, módulo de lingua galega)
Textos canónicos da literatura galega	Ou ben Análise das obras centrais do período Nós ou ben Análise das obras centrais da literatura galega durante o Franquismo (Ambas do 3º curso, módulo de Literatura Galega)


Queremos, tamén, deixar constancia da dispoñibilidade dos seguintes profesores e profesoras para impartir as materias correspondentes:


1. As profesoras Concha Bález e Ana Soneira manifestáronnos o seu interese en seguir impartindo a materia de Lingua de Signos.
2. Contamos tamén co compromiso explícito do profesor da Área de Latín para sumir a docencia de Literatura Latina, mesmo se isto supuxese facerse cargo de máis horas de clase das que estea obrigado.
3. Temos o apoio de Manuel Ángel Candelas Colodrón para impartir a materia Edición de textos literarios.
4. Igualmente Anxo Angueira está disposto a seguir impartindo a materia Linguas da Península Ibérica.
5. Tamén contamos con Carmen Becerra para seguir impartindo Crítica literaria e Literatura e cine.
6. Por último, contamos co apoio explícito de Quique Costas para a materia Dialectoloxía do galego.


Aproveitamos a ocasión para agradecerlle 6. Il. Sr. Decano a súa atención e manifestarlle que somos moi conscientes da súa vontade e do seu esforzo. Confiamos en que a nosa proposta lle pareza útil e construtiva.


Vigo, 14 de marzo de 2016-03-15


Os alumnos de terceiro curso do Grao en Estudos de Galego e Español.


Jose Antonio Bengieles Bire 770168938 


Tomas Munoz Junco Botasgow ~~770168938~~ 


Bruno Conde Caldeiro 531454502 

Sara Norferez Giral 770115980 


ANDREA FIDALGO GALAZ 15449402 V 


ELIENA CORTESANA GOMEZ 94634966 K 

Sora Ropreosa Brea 34879400 H 


Laura Fernandez Pilo uanes ~~34879400 H~~ 


Patricia Gal Blanco ~~53944900 H~~  53944900 H

Narcia Fernandez Caride 39426152-H Negro 


Sara Miguez Portela 77010136-H 


Elián González López 34819141-D 


Xiro Coufo Carballido 394547204 


Iria Alonso Fernandez 77012509-E ~~77012509-E~~ 


Conxalvo Gonzalez Ferrero 35584994-M ~~35584994-M~~ 


Vanessa Ferreira Rodriguez 36.187.158 H 

Nuria Vilán Brado 53196763 V 

Lucía Aguilar González 39462920-A 

Jaime Cougo Miranda 15449419-W 

Marta Gestas Carneiro 17464181-N 

Leitia Raán Alonso 34629061 P 

Beatrice Nativese Alvarez 53417962 K 

Il. Sr. Decano da Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo